

IDEAS POR ESTANCIAS



Son 13 xa os días que levamos sen vernos... Teño moitas, moitas gañas de estar con todas e todos vos. Estas vacacións de Pascua non serán como as habituais pero vos deixo a continuación unha serie de propostas que espero vos fagan pasar un ratiño divertido.

COCIÑA



Idea 13: Ovos de Pascua.

É probable que esta Pascua vos teña pillado coma min... sen demasiados recursos para celebrala pero iso non pode ser motivo para que os peques non disfruten dos seus tradicionais ovos de chocolate. Esta é unha receita super sinxela na que poden participar os peques con deliciosos resultados. Empregaremos, se contades con el, un envase para ovos de plástico ou envases baleiros de sorpresas de ovo sorpresa. Queceremos chocolate cortándoo en trociños e colocándoo nun bol para poñer no microondas. Cando estea fundido o deixaremos caer no envase facendo metades de ovo. Deixamos arrefriar e desmoldamos. Unha vez listos, prepararemos outro pouco de chocolate fundido que empregaremos a modo de "pegamento" para unir as metades. Non serán os ovos máis bonitos pero estarán feitos con moitísimo amor.

BAÑO



Idea 13: Pintamos ovos con esponxas.

Empregaremos esponxas de baño para cortalas dándolles a forma dun ovo. Utilizando témpera, usaremos as esponxas para facer un debuxo no que estamparemos ovos de múltiples cores. Unha vez seco, podemos empregalo para facer, por exemplo, unha sinxela postal de Pascua.

HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 13: Poñer a cola ao coello .

Usaremos para xogar unha toalla que será o noso coelliño poñéndolle uns ollos de cartolina, as orellas, etc. Colocarémolo sobre unha superficie vertical. Despois faremos unha pelotiña cunha toalla pequena á que lle colocaremos un trociño de belcro para que se poda adherir na toalla. Por quendas, taparémonos os ollos e trataremos de colocar a cola ao coello no seu lugar. Podemos xogar tapando os ollos, despois dando unha volta antes de intentalo, dando un saltiño, etc.

HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 13: Coroa de ovos de pascua e coellos.

Para esta actividade empregaremos cartolinas ou folios de cores que cortarán dando a forma de ovos. Os adultos podemos colaborar recortando os coellos que se colocarán entre os oviños. Podemos facer unha serie de cores antes de compoñer a coroa, seguir a orde de cores do arco da vella, etc.



SALÓN



Idea 13: Transformándonos en coelliños.

Prepararemos uns elementos de disfraz nos que en parte poden participar os peques pero sobretudo tomarán parte os adultos xa que cortar as oveiras non é sinxelo. A máscara está composta por dous ovos do envase, uns bigotes que podemos facer con limpapipas ou con recortes de papel; uns dentiños de papel e un pompón ou boliña de papel por nariz.

Para as orellas, os peques cortarán unhas formas que lles teremos preparado en dúas cores que destaquen e que montaremos sobre unha diadema de papel que os nenos poden decorar dando cor, con selos, poñendo o seu nome, etc.



CORREDORES



Idea 13: A procura dos ovos de Pascua.

Recortaremos uns ovos de cartolina ou de folios que esconderemos pola casa para que sexan os pequenos os que os atopen podemos, se hai varios peques pola casa, unha actividade competitiva ou especificar que os ovos teñen que ser dunha cor ou tamaño determinado, etc. Seguro que xurdirán moitas proposta máis.